

CANDIDATO Nº3 POLO PSOE EN PONTEVEDRA

Tabuyo, un poeta cambadés no Congreso dos Deputados

O Salnés ten no socialista Domingo Tabuyo, escritor e profesor de instituto, un novo representante no Congreso dos Deputados. Tabuyo, que ía de número 3 nas listaxes por Pontevedra, está na oposición no Concello cambadés e agora pasará a formar parte dos gobernantes socialistas no Congreso. Pola contra, o alcalde popular xosé Manuel Cores Tourís pasará a integrar a oposición, pero no Senado.

- 12:40 15/03/2004

Domingo Tabuyo Romero, licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago, é profesor no IES Asorey de Cambados, traballo que pretende compatibilizar coa súa labor política e literaria.

Cores Tourís, o alcalde popular de Cambados, figuraba como primeiro candidato ao Senado polo PP na provincia de Pontevedra e pasará ás filas da oposición.